



O Carballiño, 13 de setembro de 2024

O Departamento de Economía ponse contacto con vostedes para facerlles chegar a información sobre os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN e de RECUPERACIÓN DA MATERIA.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL

A) Convocatoria Ordinaria

A cualificación final de cada unha das 3 avaliacións obterase mediante a media ponderada de:

1. Polo menos dúas probas escritas que puntuarán o **40% do total**. A primeira proba de cada avaliación terá como contados o visto ata o final do primeiro exame. A segunda proba conterá todo o visto dende o primeiro exame ata o final da avaliación correspondente.
 2. A realización de traballos de investigación en grupo ou individuais representará o **40% do total**.
 3. O traballo e as actividades diarias constituirán o **20% do total**.
- No caso da ortografía, descontarase 0,25 por falta ortográfica e 0,2 por til, non podendo baixar máis dun punto da nota do exame ou exercicio. A primeira falta ou til non se penaliza.
 - Unha avaliación considerárase aprobada cando trala aplicación das ponderacións anteriores, e restar por ortografía, a cualificación sexa como mínimo 5.
 - As notas das avaliacións serán redondeadas a un número enteiro. É dicir, una puntuación de 6,7 equivale a 7 e así sucesivamente.

Procedemento de recuperación de avaliacións:

Durante a segunda avaliación haberá un exame de recuperación da primeira e durante a terceira avaliación haberá un exame de recuperación da segunda para aqueles alumnos que non teñan aprobada a materia. Se fose necesaria recuperar a terceira, terían a opción de recuperala no exame final

A nota final da avaliación será a resultante de trocar a nota conceptual (probas escritas, 40%) pola nota do exame de recuperación, debendo ponderar co 40% obtido da realización de traballos de investigación en grupo ou individual e o 20% obtido do traballo diario, redondeando o resultado a un número anterior que, para aprobar, terá que ser igual ou superior a 5.

Cualificación final da materia (xuño):

A nota final de xuño obterase do seguinte xeito:

- Se as tres avaliacións están aprobadas: media aritmética da nota real (con decimais) obtida en cada avaliación.
- Se solo son dúas as avaliacións aprobadas, pode acontecer que:
 1. Se a media aritmética dese como resultado aprobado, entón cualificarase coa media resultante.
 2. Se a media aritmética fose inferior a 5, o alumno deberá recuperar a avaliación suspensa nun exame final de recuperación en xuño.
- Se chegado o remate do curso unicamente tivese una avaliación aprobada pode acontecer que:
 1. Se a media dese como resultado aprobado non se consideraría superada a materia e tería que examinarse de toda a materia nun exame final de recuperación en xuño.
 2. Se a media aritmética fose inferior a 5, o alumno deberá examinarse de toda a materia nun exame final de recuperación en xuño.

B) Resumo del cálculo das notas do curso farase do seguinte xeito:

NOTA 1ª av.: 40% Probas escritas (1º Parcial 50 % + 2º Parcial 50 %) + 40% Traballos investigación + 20% Traballo e actividades diarias.

NOTA 2ª av.: 40% Probas escritas (1º Parcial 50 % + 2º Parcial 50 %) + 40% Traballos investigación + 20% Traballo e actividades diarias.

NOTA 3ª av.: 40% Probas escritas (1º Parcial 50 % + 2º Parcial 50 %) + 40% Traballos investigación + 20% Traballo e actividades diarias.

NOTA AVALIACIÓNS: Media aritmética das tres avaliacións.

No caso de non **asistencia ao exame**:

A repetición de exames unicamente terá lugar cando a falta de asistencia estea debidamente xustificada. A data de repetición do exame pode facerse nos días inmediatamente posteriores ao mesmo, ou o final da avaliación, dependendo do máis axeitado ao nivel, nunha data fixada con antelación.

Perda do dereito á avaliación continua. Se o número de faltas do alumno na materia supera a porcentaxe das horas totais marcadas polo Proxecto Educativo de Centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua, debendo realizar unicamente o exame final. Esta proba é un instrumento extraordinario de avaliación.

Nota. *O alumno que copie nun exame, terá un 0 na cualificación de dito exame e se o profesor ten a sospeita de que o fixo (aínda que non o vexa) poderá realizar una proba de comprobación, cuxa nota substituirá á anterior.*